



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Bases da convocatoria para a contratación laboral temporal dun/ha empregado/a administrativo/a durante 9 meses, previa preselección pola oficina de emprego de Carballo para o programa I relativo á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia, cofinanciadas pola unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 855/2025, de 07/11/2025.

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO/A DURANTE 9 MESES, PREVIA PRESELECCIÓN POLA OFICINA DE EMPREGO DE CARBALLO PARA O PROGRAMA I RELATIVO Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria

O obxecto da convocatoria é a contratación laboral temporal, na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, e utilizando o concurso-oposición como sistema de selección de 1 Empregado/a administrativo/a, de acordo coa preselección realizada polo Servizo Público de Emprego de Galicia, oficina de emprego de Carballo; de acordo co establecido na Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se aproban as bases que reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, para o ano 2025. (convocatoria publicada no DOG núm. 160, do 22/08/2025).

SEGUNDA.- Duración e tipo de contrato

O contrato laboral que se realizará coa persoa seleccionada será na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 406, contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos), cunha xornada laboral a tempo completo, por un período de 9 meses, coa distribución de xornadas que estableza a Alcaldía.

TERCEIRA.- Características do posto de traballo

Empregado/a administrativo/a:

Número de postos de traballo: 1 (UN)

Clase: persoal laboral temporal a xornada completa

Modalidade de contratación: contrato de traballo vinculado a políticas activas de emprego.

Nivel de titulación mínimo esixido: Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente

Denominación do posto: Empregado/a administrativo/a

Funcións: Atención ao público e telefónica, oficios, requirimentos, tramitación xestión de biomasa, etc.

Grupo de cotización: 4

CNO: 4500 Empregado administrativo con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outros epígrafes.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

De acordo, co establecido no artigo 29.4.d) da Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no suposto de que as entidades beneficiarias non consigan cubrir algún dos postos de traballo concedidos, poderán substituílos por outro CNO dentro do mesmo grupo de cotización ao inicialmente concedido.

Duración do contrato: 9 meses

Retribucións brutas mensuais: 1.381,33 € (paga extra incluída)

CUARTA.- Condicións das persoas aspirantes

1.- Para seren admitidos ao presente concurso-oposición as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa
- b) Ter a nacionalidade española ou ter nacionalidade de outro estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados membros.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- e) Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 3 ou equivalente. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

2.- Requisitos a cumprir segundo a subvención pola cal se solicita a axuda:

De acordo co artigo 29 da Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se aproban as bases que reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, para o ano 2025. (convocatoria publicada no DOG núm. 160, do 22/08/2025), as persoas mozas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención deberán cumprir, en todo caso, os requisitos seguintes no momento da selección e da formalización do contrato de traballo:

- a) Ter feitos os dezoito anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- b) Ser desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia no CNO: 4500 Empregado administrativo con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outros epígrafes e grupo de cotización 4.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

De acordo, co establecido no artigo 29.4.d) da Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no suposto de que as entidades beneficiarias non consigan cubrir algún dos postos de traballo concedidos, poderán substituílos por outro CNO dentro do mesmo grupo de cotización ao inicialmente concedido.

c) Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, para ser beneficiarias desta medida, as persoas mozas deberán constar como inscritas e beneficiarias no ficheiro do SNGX, así como cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.

d) Figurar na relación de currículos que envía a Oficina de Emprego de Carballo ao Concello de Laxe para a oferta presentada en relación con esta contratación

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

3.-Será nulo o nomeamento dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

QUINTA.- Taxas do proceso selectivo

Será de aplicación o disposto no artigo 7º. Epígrafe 4 da Ordenanza fiscal núm. 5 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos do Concello de Laxe, en canto á tarifa establecida por dereitos de exame (Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 196, do 10/10/2024).

A devindicación da taxa producirase no momento da presentación da solicitude de inscrición nas probas selectivas.

A dita solicitude de inscrición non será tramitada ata que non faga efectivo o importe da taxa. Á solicitude de inscrición deberá acompañarse, en todo caso, o xustificante de ter ingresado o importe da taxa, xunto co impreso de autoliquidación de taxas.

A taxa por dereitos de exame deberá aboarse necesariamente dentro do prazo de presentación de instancias e a falta de pago no dito prazo determinará a exclusión definitiva da persoa aspirante das probas selectivas e non poderá ser obxecto de emenda. Non obstante, o abono da taxa por importe incorrecto sí se considera defecto emendable.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, a actividade que constitúe o feito imponible da taxa non se realice, procederá a devolución do importe correspondente. Polo tanto, non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables a persoa interesada.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O sistema será o de autoliquidación, que deberá presentarse xunto co xustificante de ingreso da taxa e coa solicitude de participación no proceso selectivo de que se trate.

O pagamento deberase facer nalgunha das entidades bancarias colaboradoras co Concello de Laxe:

ABANCA: ES34 2080 0050 39 3110000027

BANCO SANTANDER: ES68 0049 6641 72 2210001606

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

Segundo o Epígrafe 6. Tarifa reducida da dita Ordenanza fiscal núm. 5 indica que “Aplicaranse unha tarifa reducida do 75% a aqueles contribuíntes nos que concorran algunha das seguintes circunstancias, debidamente acreditadas, a través da certificación correspondente outorgada polo departamento de Servizos Sociais:

- a) Persoas en risco de exclusión social
- b) Obte-lo beneficio de xustiza gratuita, no que se respecta ós documentos administrativos que orixinen o devengo da taxa que estean directamente relacionados no procedemento xudicial no que se declara o dereito.”

SEXTA.- Presentación de solicitudes

1.- O Concello de Laxe dará publicidade á convocatoria e ás bases de selección por anuncios no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe (<https://sede.laxe.es>) e no Boletín Oficial da Provincia e presentará unha oferta de emprego ante a oficina de emprego de Carballo facendo referencia aos requisitos que debe reunir as persoas traballadoras a contratar.

2.- A oferta deberá tramitarse pola oficina de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado (Oficina de Emprego de Carballo).

A oficina de emprego, realizará unha sondaxe de persoas demandantes de emprego en función das características da oferta, atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando un número de persoas candidatas por posto de traballo, que non pode ser, sempre que sexa posible, inferior a dúas nin superior a dez.

A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade beneficiaria xustifique documentalmente a súa necesidade, por incumprimento dos requisitos da oferta, por rexeitamento voluntario por escrito ou incomparecencia das remitidas.

3.- Os/As aspirantes presentarán instancia (Anexo II) para participar neste proceso dirixida ao Sr. Alcalde preferiblemente por medios electrónicos mediante a sede electrónica do Concello de Laxe (<https://sede.laxe.es>) no **Rexistro Xeral do Concello de Laxe, dentro do prazo de 2 días hábiles que se contarán dende o día seguinte a aquel no que se comunique as persoas candidatas que o seu currículo foi enviado pola oficina de emprego**, previa presentación da oferta de emprego correspondente por parte do



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello.

A comunicación aos desempregados farase a través do teléfono ou do correo electrónico que figure na documentación remitida dende a oficina de emprego de Carballo.

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.- Á instancia (Anexo II) unirase inescusablemente:

- a) Orixinal ou fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- b) Orixinal ou fotocopia do título de Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente
- c) Orixinal ou fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos no momento da presentación da instancia, así como da titulación requirida.
- d) Informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, na súa falta, certificado da mutualidade do colexio profesional.
- e) Orixinal ou fotocopia da tarxeta de demandante de Emprego ou similar.
- f) Orixinal ou fotocopia do título de Celga 3 ou equivalente, se é o caso.
- g) Impreso de autoliquidación de taxas (conforme ao modelo do anexo IV) e xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame.
- h) Anexo III Autorización consulta de datos.

5.- As persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

As demais persoas aspirantes estranxeiras, xunto coa fotocopia do seu pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitadas a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

6.- Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal as persoas aspirantes que finalmente sexan seleccionadas. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso. Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias. Ou aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

7.-Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera intre, de oficio ou a petición da persoa interesada.

8.-As persoas aspirantes quedan vinculadas ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

SÉTIMA.- Admisión de persoas aspirantes

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-Presidente do concello ou concelleiro en quen delegue ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso das causas de exclusión. Esta resolución publicárase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe (<https://sede.laxe.es>) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

A resolución pola que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas será definitiva no caso de non haber excluídas.

2.- No caso de habelos, as persoas aspirantes excluídas, así como as persoas omitidas na relación de admitidas ou excluídas disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas da realización das probas.

De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de persoas admitidas elevarase a definitiva.

3.- Posteriormente, e de selo caso, elaborárase unha nova lista definitiva das persoas candidatas definitivamente admitidas e excluídas, segundo o resultado das subsanacións a que se refire o parágrafo anterior, que se publicará no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe.

Na mesma resolución, o alcalde ou concelleiro en quen delegue determinará o lugar, hora e data de comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección, que se publicará igualmente no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

4.- A inclusión das persoas aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 13ª.

5.- Unha vez comezado o proceso selectivo, os sucesivos anuncios relativos a este proceso serán efectuados no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

OITAVA.- Tribunal cualificador

1.- Os membros do tribunal cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do tribunal as persoas funcionarias ou laborais fixos que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

2.-O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente/a: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

Vogais: tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo

Secretario/a: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, que actuará con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Igualmente, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

3.- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a Presidente/a.

4.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

5.- O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario para que os e as aspirantes con diversidade funcional, coa condición legal de discapacidade con grao igual ou superior o 33% gocen de similares condicións ás do resto dos demais aspirantes.

6.-O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

7.-Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

8.-A Alcaldía resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

NOVENA.- Comezo e desenvolvemento das probas selectivas

1.- As persoas aspirantes serán citadas para o día sinalado para a realización das probas.

2.- Con carácter xeral, para aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, as persoas aspirantes serán chamadas de acordo coa Resolución do 21 de xaneiro de 2025 da Consellería de Facenda e Administración Pública (publicado no DOG núm. 16, do 24 de xaneiro de 2025) pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que a orde de actuación das persoas aspirantes empezará por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra <<F>>.

De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

3.-As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamada única. A non presentación a calquera dos exercicios no momento de seren chamadas comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e nos sucesivos e, xa que logo, quedará excluído do proceso selectivo.

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuíto ou forza maior que impidise a presentación das persoas



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

aspirantes no momento previsto, sempre que estea debidamente xustificado e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar ás persoas aspirantes afectadas por estas circunstancias, sempre que non rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

4.-Para as persoas con diversidade funcional, coa condición legal de discapacidade con grao igual ou superior o 33% que o soliciten na instancia, estableceranse as adaptacións posibles de tempo e medios que lles permitan a axeitada realización das probas.

5.-O Tribunal, salvo razóns que xustifiquen o contrario, adoptará as medidas oportunas para que os exercicios sexan corrixidos sen coñecer a identidade da persoa aspirante.

DÉCIMA.- Procedemento de selección

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

Só se valorarán os méritos que queden correctamente acreditados polas persoas aspirantes.

A) Fase de oposición: A fase de oposición consiste na realización dun exercicio, tipo test, de 20 preguntas de carácter obrigatorio e eliminatorio, relacionado cos temas indicados anexo I, nun tempo máximo de 60 minutos. Puntuación máxima: 10 puntos. Puntuación mínima: 5 puntos.

As persoas aspirantes serán convocadas para a proba en chamada única e deberán presentarse co seu DNI. A non presentación ao exercicio no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar nas probas prácticas, quedará excluída do proceso selectivo.

As persoas aspirantes que non se presenten á realización da proba, quedarán eliminadas do proceso selectivo e polo tanto, non serán valoradas na fase de concurso.

Aquelas persoas aspirantes que non acaden a puntuación mínima de 5 puntos, quedarán excluídos do proceso selectivo.

Celga 3: Aqueles persoas aspirantes que non presenten a titulación Celga 3 solicitada nestas bases realizarán unha proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que se cualificará como apto ou non apto. A cualificación na proba como non apto supón a exclusión da persoa candidata do procedemento de selección.

B) Fase de concurso: A puntuación máxima nesta fase será de 2 puntos.

Avaliaranse os seguintes méritos:

1. Formación (puntuación máxima: 2,00 puntos):

Os cursos impartidos deberán estar directamente relacionados coas funcións e/ou competencias profesionais propias da praza convocada, e que contén con homologación/recoñecemento oficial



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

(entendendo, a tal efecto, que foran impartidas, organizadas, recoñecidas ou homologadas por Administracións Públicas, entidades ou organismos dependentes destas e/ou habilitados oficialmente aos ditos efectos formativos (como sindicatos ou colexios profesionais) homologados polas Administracións Públicas, Universidades Públicas, Colexios profesionais, Organizacións sindicais e Cámaras de Comercio.

- Cursos de ata 20 horas: 0,05 puntos por curso
- Cursos a partir de 20 horas: 0,10 puntos por curso
- Cursos a partir de 100 horas: 0,20 puntos por curso

Os méritos deste apartado acreditaranse mediante copias dos correspondentes títulos ou diplomas.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

UNDÉCIMA.- Relación de aprobados/as e proposta de designación

1.- Rematada a cualificación das persoas aspirantes, o Tribunal formará a relación de aprobados/as pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de prazas convocadas e faraa pública no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe (<https://sede.laxe.es>)

No caso de empate nas puntuación de dous ou máis persoas candidatas, o Tribunal resolverá a favor daquela candidata que obtivera maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, resolverase a favor da persoa candidata que conte con maior puntuación no apartado de formación. De non ser posible desfacer o empate decidírase por sorteo.

2.- O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, na que figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobadas por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, incapacidade temporal ou outros supostos nos que a persoa aspirante aprobada non chegue a formalizar o contrato de traballo ou de formalizalo estivera en calquera das situacións antes descritas, o órgano convocante poderá substituíla pola seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada.

3.- A acta do Tribunal publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe, na que aparecerá o listado coas puntuacións, por orde decrecente, acadadas por cada unha das persoas aspirantes no procedemento de selección e a relación de aprobados. A proposta de contratación será elevada ao sr. Alcalde aos efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo.

4.- A resolución nomeando a persoa candidata seleccionada será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe.

DUODÉCIMA.- Bolsa de traballo

As persoas candidatas que superen o proceso de selección e non resulten seleccionadas para o posto de



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

traballo por non acadar a puntuación suficiente pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, no caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, incapacidade temporal ou outros supostos nos que a persoa aspirante aprobada non chegue a formalizar o contrato de traballo ou de formalizalo estivera en calquera das situacións antes descritas, o órgano convocante poderá realizar a substitución pertinente para o dito servizo sempre e cando as persoas candidatas cumpran os requisitos establecidos no apartado cuarto para ser admitidos/as.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases estará vixente ata o remate do contrato.

En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacións da Bolsa de Emprego.

DÉCIMO TERCEIRA .- Presentación de documentación.

1.-A persoa aspirante proposta presentará no Rexistro Municipal, no prazo de 3 días naturais, contados a partir da publicación da relación de aprobados no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe (<https://sede.laxe.es>), os documentos seguintes:

- a.- Orixinal ou copia autenticada do Documento Nacional de Identidade.
- b.- Orixinal ou copia autenticada dos méritos alegados ou ben xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición dos mesmos.
- c.- Certificado/informe médico, no que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización do posto de traballo.
- d.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- d.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- f.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- g.- As persoas aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas diversidade funcional, coa condición legal de discapacidade con grao igual ou superior o 33%, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.
- h.- Xustificante orixinal de estar desempregado/a no momento de inicio da relación laboral.
- i.- Xustificante orixinal de que conste como beneficiaria/o no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, así como cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.
- j.- Informe de vida laboral da Tesoureira Xeral da Seguridade Social ou, na súa falta, certificado da mutualidade do colexio profesional.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2.-A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante e, xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación coa persoa aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol das persoas aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

DÉCIMO CUARTA.- Designación e formalización do contrato

1.-Presentada a documentación polas persoas interesadas, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde procederá á designación das persoas aspirantes seleccionadas e á formalización dos correspondentes contratos laborais.

2.-Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato subscrito.

3.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

DÉCIMO QUINTA.- Incidencias

1.-A presente convocatoria, as súas bases, e tódolos actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e normas vixentes concordantes.

2.-Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

Laxe, 6 de novembro de 2025

O alcalde

Asdo. Francisco Charlín Oróns



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ANEXO I: TEMARIO

- 1.- A Constitución Española: Estrutura e contido. Principios xerais e dereitos e deberes fundamentais dos españois.
- 2.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas: interesados no procedemento. Actividade da administración. Actos administrativos.
- 3.- Lei 39/20215, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas: procedemento administrativo común. Fases. Especialidades dos procedementos de responsabilidade patrimonial e procedementos sancionadores.
- 4.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas: revisión dos actos en vía administrativa. Recursos administrativos.
- 5.- Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público. Título preliminar: Disposicións Xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público.
- 6.- A autonomía local. Lei 7/1985, de bases de réxime local: a administración local: entidades que integran. O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. O empadramento. Estatuto dos veciños.
- 7.- Órganos de goberno nos municipios de réxime común. O alcalde: elección, atribucións, competencias. Os tenentes de alcalde. Os concelleiros. O concello pleno. A xunta de goberno local. As competencias municipais.
- 8.- Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases, procedemento de elaboración e aprobación. Incumprimento ou infracción das ordenanzas. Bandos. O regulamento orgánico municipal.
- 9.- A Lei de contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais.
- 10.- Atención e información ao cidadán rexistro de documentos. Clases e sistemas de rexistro. Formación documental dos expedientes. Ordenación dos documentos dentro do expediente. Arquivo de documentos. Clases e sistemas de arquivo.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ANEXO II.- PROCESO SELECCIÓN DUN/HA EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO/A PARA O PROGRAMA I RELATIVO Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027

D. titular do D.N.I. núm. e
endereço a efectos de notificación en
rúa..... nº..... piso..... C.P.
Teléfono.: Correo
electrónico:.....

EXPÓN

- Que desexa participar no procedemento de selección de acceso libre para dar cobertura, mediante contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, de 3 peóns/peoas para Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe, de acordo coas bases da convocatoria.

- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre con todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que a documentalmente achegada é auténtica.

- Que autorizo ó Concello de Laxe para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, á cualificación de probas e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección. Asemade, autorizo o traslado dos mesmos á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co obxectivo de xustificar a subvención concedida.

- Que autorizo ó Concello de Laxe para recabar información do Servizo Público de Emprego requirido para xustificar a miña condición de persoa desempregada no momento do inicio do proceso selectivo e, no caso de resultar seleccionado/a, na data de comezo do contrato.

Achégase a tal efecto a seguinte documentación (marcar cunha X):

☐ Fotocopia do D.N.I.

☐ Tarxeta de demandante de emprego ou similar.

☐ Informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, na súa falta, certificado da mutualidade do colexio profesional.

☐ Documentación acreditativa da fase de concurso, así como da titulación requirida.

☐ Anexo III Autorización consulta de datos.

☐ De selo caso, acreditación de posuír o Celga 3 ou equivalente.

☐ Impreso de autoliquidación de taxas (anexo IV) e xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame.

Polo exposto, **SOLICITA**, sexa admitido/a e participar no procedemento de selección ó que se refire a presente instancia .

En.....a.....dede 2025.

Asdo.:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Sr. Alcalde do Concello de Laxe

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ANEXO III.- AUTORIZACIÓN PROCESO SELECCIÓN DUN/HA EMPREGADO/A ADMINISTRIVO/A PARA O PROGRAMA I RELATIVO Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027

D. titular do D.N.I. núm. e
endereço a efectos de notificación en
rúa..... nº..... piso..... C.P.
Teléfono.: Correo
electrónico:

Baixo promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, AUTORIZO a que

O Concello de Laxe poida comprobar que, no momento da selección de formalización do contrato de traballo, son maior de dezoito anos e non supero a idade máxima que establece a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil, estou desempregada/o e inscrita/o como demandante de emprego, e que son beneficiaria/o no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, así como cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino o presente.

En.....a.....dede 2025.

Asdo.

Sr. Alcalde do Concello de Laxe

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

ANEXO IV. IMPRESO DE AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS**ORDENANZA FISCAL Nº5 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS****IMPRESO DE AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS**

Don/Dona

con

N.I.F./C.I.F. _____

Ingresa a cantidade de _____ €

en

concepto

de

SOLICITADA A INSTANCIA DE PARTE.

DETALLE DA LIQUIDACIÓN

IMPORTE TOTAL (artigo _____) [€]	IMPORTE TOTAL A INGRESAR

Conforme o artigo 9º da ordenanza, devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo que non se realizará sen que se efectúe o pago correspondente.

Laxe, a _____ de _____ do 202__

O/A interesado/a,

O pagamento deberase facer nalgunha das entidades bancarias colaboradoras co Concello de Laxe:

Entidades Bancarias**número de conta bancaria IBAN**

ABANCA

ES34 2080 0050 39 3110000027

BANCO SANTANDER

ES68 0049 6641 72 2210001606

O presente documento non será acreditativo do pago, e polo tanto será nulo, se non leva a correspondente validación mecánica, selo e sinatura da entidade bancaria colaboradora



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es